

Guía docente

da materia

**PRÁCTICAS DE LINGUA
GALEGA II**

2008/2009

Francisco Antonio Cidrás Escáneo
Facultade de Filoloxía

- **1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA**

Denominación: **Prácticas de Lingua Galega II**

Código: 651314

Titulacións: Filoloxía Galega (obrigatoria)
Filoloxía Portuguesa (optativa)

Ciclo: Primeiro ciclo

Créditos: 4,5 (prácticos)

Duración: 2º cuatrimestre

Lingua: Galego

Profesor: **Francisco Antonio Cidrás Escáneo**

Contacto: - despacho: 222 (Fac. Filoloxía)
- extensión telef.: 11905
- e-mail: fgcidras@usc.es

- **2. SENTIDO DA MATERIA NO PLANO DE ESTUDOS**

A materia *Prácticas de Lingua Galega II* (PLG2) constitúe unha introdución, eminentemente práctica, ao estudo da lingua galega desde a perspectiva da Lingüística do Texto. Intégrase, pois, no bloque formativo da Lingüística Sincrónica, xuntamente con outras materias que tentan afianzar a formación gramatical e de lingüística teórica, aplicada ao galego actual, dos futuros especialistas en filoloxía galega.

A pesar do seu carácter basicamente introdutorio, a materia cúrsase en Terceiro Curso da titulación, polo que os estudantes matriculados nela están de feito xa nun estadio intermedio na súa formación en Lingüística Sincrónica. Resultan particularmente relevantes para o adecuado aproveitamento de PLG2 os contidos e competencias adquiridos previamente nas materias *Lingüística* e *Lingua Galega II* (troncais de primeiro e segundo curso, respectivamente), pois aínda non presentando unha orientación especificamente textual, fornecen coñecementos básicos que se van empregar nesta materia. Tamén en certa medida as optativas de segundo ano *Técnicas de Expresión Oral Galega* e *Técnicas de Expresión Escrita Galega* (así como *Métodos de Aplicación da Lingua Galega*, que se cursa simultaneamente a PLG2) poden achegar unha bagaxe competencial de interese para optimizar o aproveitamento de PGL2, aínda que non cun carácter indispensable.

Os contidos e habilidades desenvolvidos na materia PLG2 presentan asemade un carácter fundamentador verbo doutras materias do Segundo Ciclo da titulación, nomeadamente para o caso da materia *Sintaxe Galega* (obrigatoria de quinto curso), así como para outras optativas que eventualmente poden ser escollidas polos alumnos, como *Curso Monográfico de Gramática Galega (Morfoloxía e Sintaxe)*, tamén de quinto curso.

A formación vinculada a PLG2 (nomeadamente no relativo a análise de textos, avaliación de producións textuais, tipoloxía textual) resulta de notable interese para a práctica da actividade profesional dos futuros filólogos, tanto na súa vertente docente como en actividades de asesoramento lingüístico.

- **3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS**

A meta que fundamentalmente se persegue con esta materia é conseguir que os alumnos e alumnas matriculados nela

coñezan as ferramentas básicas da análise textual, así como que comprendan os mecanismos que gobernan a produción de textos, orais ou escritos. Con esta bagaxe, procúrase que acaden xenericamente unha competencia suficiente para a adecuada produción de textos propios e asemade para a análise e avaliación de calquera texto producido.

- a) Competencias específicas (destrezas que se adquiren a partir dos contidos específicos da materia)
 - a.1) Analizar as propiedades dos textos e avaliar a súa adecuación.
 - a.2) Identificar a estrutura dos textos.
 - a.3) Diseñar esquemas de progresión temática.
 - a.4) Recoñecer e identificar os recursos cohesivos e o sentido do seu uso.
 - a.5) Identificar os tipos de textos.
 - a.6) Saber avaliar de maneira crítica producións textuais de calquera tipo.
- b) Competencias xerais; ademais das específicas, en PLG2 traballaranse diversas competencias xenéricas. Cómpre destacar entre elas, dada a dinámica de traballo da materia, as seguintes ferramentas:
 - b.1) Resolución de problemas.
 - b.2) Traballo en grupo.

- **4. DISTRIBUCIÓN DA CARGA DE TRABAJO (ECTS)**

ACTIVIDADES	HORAS PRESENCIAIS (1)	HORAS TRABAJO DIRIXIDO	HORAS TRABAJO AUTÓNOMO	TOTAL
Clases prácticas	31'5		48	79'5
Lecturas / preparación de unidades teóricas (2)		24		24
Probas	3		12	15
Revisión probas	1'5			1'5
TOTAL	36	24	60	120

(1) Téñase en conta que cada sesión presencial ten unha duración de 1'5 horas

(2) Entregaranse *dúas* unidades teóricas para a súa lectura dirixida, preparación e asimilación por parte dos alumnos, fóra das aulas.

- **5. CONTIDOS**

5.1. Bloques de temáticos

Dado que PLG2 é unha materia práctica, que non ten asignada docencia presencial teórica, os contidos non se distribúen en temas, no senso habitual do termo, senón en *bloques* de contidos á volta dos cales se artellan os exercicios, casos e demais actividades prácticas.

➤ **Bloque 1: Introducción**

CONTIDOS:

- Lingüística do Texto vs. Análise do Discurso
- Lingüística do Texto vs. Sintaxe
- Unidades sintácticas e unidades comunicativas
- O enunciado. Enunciado vs. oración
- O texto como unidade lingüística

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- Albadalejo, T. / A. García Berrio (1982): “La lingüística del texto”, en F. Abad e A. García Berrio (eds.), *Introducción a la lingüística*. Madrid: Alhambra, pp. 217-260.
- Beaugrande, R. de / W. U. Dressler (1981): *Introduction to Text Linguistics*. London: Longman. Trad. esp. *Introducción a la lingüística del texto*. Barcelona: Ariel, 1997.
- Bernárdez, E. (1982): *Introducción a la lingüística del texto*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Calsamiglia, H. / A. Tusón (1999): *Las cosas del decir: manual de análisis del discurso*. Barcelona: Ariel, 2002².
- Freixeiro Mato, X. R. (2003): *Gramática da Lingua Galega. IV. Gramática do Texto*. Vigo: A Nosa Terra.
- Ramallo, F. (2000): “Pragmática”, en F. Ramallo / G. Rey Doval / X. P. Rodríguez Yañez (eds.), *Manual das ciencias da linguaxe*. Vigo: Xerais, pp. 443-512.
- Salkie, R. (1995): *Text and Discourse Analysis*. London / New York: Routledge.

➤ **Bloque 2: Textualidade: propriedades do texto**

CONTIDOS:

- Texto e contexto
- Adecuación
- Cohesión
- Coherencia
- Informatividade
- A progresión temática

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Castellà, J. M. (1992): *De la frase al text. Teories de l'us lingüístic*. Barcelona: Empúries.
- Charolles, M. (1978): “Introduction aux problèmes de la cohérence des textes”, *Langue Française* 38, pp. 7-42. [Traduc. port. “Introdução aos problemas de coherência dos textos (Abordagem teórica e estudo das práticas pedagógicas)”, en VV. AA., *O texto: leitura e escrita*. Campinas, SP: Pontes, 1997 (2002³), pp. 39-90].
- Combettes, B. (1983): *Pour une grammaire textuelle. La progression thématique*. Bruxelles / Paris: De Boeck / Duculot.
- Val, M^a G. Costa (1991): *Redação e textualidade*. São Paulo: Martins Fontes.

➤ **Bloque 3: Recursos cohesivos**

CONTIDOS:

- Cohesión e recursos cohesivos
- A referencia; tipos de referencia
- A elipse
- A cohesión léxica por substitución
- A reiteración léxica e a cohesión
- A conexión e os conectores textuais

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

García Soto, X. R. (1996): *Era unha vez un neno... Estudio da evolución da linguaxe nos nenos galego-falantes*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco [esp. 1ª parte: “A cohesión nas narracións de nenos galego-falantes”, pp. 23-142].

Halliday, M. A. K. (1985): *An introduction of Functional Grammar*. London: Edward Arnold [esp. cap. 9: “Around the clause: cohesion and discourse”, pp. 287-318].

Halliday, M. A. K. / R. Hassan (1976): *Cohesion in English*. London: Longman.

➤ Bloque 4: Tipología textual e análise de textos

CONTIDOS:

- Tipos de textos
- A análise do texto
- O tema: tema do enunciado e tema do texto
- A estrutura do texto

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Adam, J. M. (1992): *Les textes: types et prototypes. Récit, description, argumentation, explication et dialogue*. Paris: Nathan.

Álvarez, M. (1993-94): *Tipos de texto. Vol. I: narración y descripción* (1993). *Vol. II: exposición e argumentación* (1994). Madrid: Arco-Libros.

Cervera, A. (1999): *Guía para la redacción y comentario de texto*. Madrid: Espasa Calpe [esp. Cap. 5: “Técnica y análisis de comentario”].

Cuenca, M^a J. (1996): *Comentari de texts*. Picanya: Bullent.

Fuentes, C. (1998): *El comentario lingüístico-textual*. Madrid: Arco-Libros.

5.2. Relevancia relativa e planificación temporal dos contidos

Os bloques temáticos propostos non teñen todos a mesma relevancia relativa no desenvolvemento da materia. Os bloques 2 e 3 (estudo das propiedades dos textos e análise dos recursos cohesivos) constitúen o núcleo fundamental da materia. Mesmo entre eles, o bloque 3 é unha ampliación que afonda nun aspecto presentado xa cunha perspectiva máis global no bloque 2, que ten daquela o carácter máis troncal. O bloque 1 ten verbo dos devanditos un carácter introdutorio, moi importante mais preliminar ao cabo. Por último, o bloque 4 é unha aplicación dos anteriores, moi interesante desde un punto de vista propedéutico e instrumental.

Estas diferenzas cualitativas reflíctense na asignación de sesións previstas para cada bloque, que se amosa de maneira estimativa no seguinte cadro:

bloque	sesións	horas
1. Introducción	2	3
2. Propiedades do texto	10	15
3. Recursos cohesivos	7	10'5
4. Tipoloxía e análise de textos	2	3
<i>TOTAL CLASES PRÁCTICAS PRESENCIAIS</i>	<i>21</i>	<i>31'5</i>

• 6. INDICACIONES METODOLÓXICAS

A actividade presencial desta materia é exclusivamente práctica, como xa se indicou. Non existen, pois, aulas presenciais teóricas propiamente ditas. Porén, parece claro que a praxe consiste sempre nunha actividade de poñer en aplicación uns contidos, e estes non se presupoñen previamente adquiridos na súa integridade noutra materia teórica (p. ex., en *Lingua Galega II*: a pesar da coincidencia denominativa, *PLG2 non é* a materia en que se realizan prácticas acerca dos contidos teóricos presentados en *LG2*). A materia *PLG2* concíbese pois como unha ferramenta para adquirir uns contidos específicos centrados no texto (explicitados na sección precedente), exercitalos e asimilalos , facendo as tres cousas a través de actividades prácticas.

Como punto de partida, ofreceráselles aos alumnos dúas unidades teóricas:

- 1) *Da oración ao texto* (ao comezo do cuadrimestre)
- 2) *A cohesión textual* (antes de comezar o bloque 3)

Os estudantes farán unha lectura reflexiva destas dúas unidades, *no momento indicado*, e a partir desa lectura guiada os contidos correspondentes iranse asimilando e enriquecendo a través do traballo práctico. Para que cumpran os efectos desexados, é moi importante que as lecturas se fagan de maneira reflexiva e no momento indicado en cada caso.

Para a realización das actividades prácticas, o profesor entregará periodicamente na aula os materiais correspondentes. As actividades consistirán basicamente en exercicios orientados de análise de textos reais de diferente tipo ou de construción de textos por parte dos alumnos consonte unhas determinadas premisas, no estudo de casos prácticos e na resolución de pequenos problemas concretos de construción ou análise de textos.

Segundo o tipo de actividade, estas realizaranse ben dentro da aula ou ben fóra dela, para a súa posterior posta en común. Poderán ser tamén actividades individuais ou ben pensadas para a súa realización en pequenos grupos. En calquera caso prestarase particular atención á súa posta en común na clase. Periodicamente, e sen unha convocatoria formal, realizaranse na aula exercicios de control que serán recollidos e avaliados polo profesor.

Os alumnos e alumnas gardarán nunha carpeta ou portafolios o material práctico que lles foi entregado, con todos os exercicios e actividades realizadas ao longo do cuadrimestre, organizado de maneira ordenada e manténdoo separado do material teórico, apuntamentos e demais. Esta carpeta do alumno poderá ser requirida en calquera momento polo profesor para a súa revisión e avaliación.

• 7. AVALIACIÓN

PLG2, como o seu nome indica, é unha materia de carácter práctico, artellada sobre a realización ao longo do cuadrimestre de traballos, casos prácticos e exercicios, tanto individuais como de grupo, que con carácter obrigatorio se realizarán tanto na aula como fóra dela. Consecuentemente, este tipo de actividades constituirán parte fundamental da avaliación global da materia, o mesmo na convocatoria de xuño que na de setembro.

Contémplase adicionalmente a realización dunha proba global final, tamén de carácter práctico, que como se indica máis abaixo non terán que realizar necesariamente todos os alumnos e alumnas.

Os criterios que se valorarán e o peso específico que terán na avaliación global exprésanse no seguinte cadro:

Método	Criterios (*)	Peso
Avaliación continua	<ul style="list-style-type: none"> - Participación activa nas aulas - Seguimento actualizado da materia e das tarefas - Realización de traballos e casos prácticos dentro da aula - Idem fóra da aula, con carácter individual ou en grupo 	40 % (1)
Proba final	- Exame global, de carácter práctico (exercicios e casos)	60 %

(*) Esíxese un bo dominio do galego estándar tanto oral como escrito. En consecuencia, na avaliación da materia terase en conta, ademais dos criterios expostos, a corrección lingüística, incluíndo a capacidade para elaborar textos ben construídos, adecuados e coherentes, fundamental dado o perfil da materia.

Observacións importantes:

- (1) Os estudantes que realicen satisfactoriamente un número suficiente de traballos e actividades ao longo do período lectivo da materia, poderán superar esta sen necesidade de realizar a **proba global final**. Así pois, con antelación a esta farase pública unha relación de estudantes que superaron a materia por avaliación continua, coa cualificación obtida. Os incluídos nela poderanse presentar igualmente á proba final, para mellorar a súa cualificación, consonte os criterios xerais expresados no cadro precedente.
- (2) A **asistencia a clase** é obrigatoria e, obviamente, necesaria para determinar a avaliación continua. Aqueles estudantes que, excepcionalmente e por un motivo documentalmente

xustificado, non poidan asistir regularmente á clase, deberán comunicarllo ao comezo do cuadrimestre ao profesor para que este avalíe a situación e, de ser o caso, faga unha adaptación dos criterios xerais.

- (3) **Este cadro de avaliación rexe tanto para a convocatoria de xuño como para a de setembro.** Téñase en conta, por tanto, que (salvo adaptacións establecidas previamente de maneira individual) na convocatoria de setembro a proba oficial (exame) achega unicamente o 60 % da cualificación global final; para o 40 % restante seguirase a considerar o traballo realizado ao longo do período lectivo da materia.